

Branco extravío

Anxo Pastor

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PASTOR, ANXO (2012 [1999]). “Branco extravío”. *Faro de Vigo*, edición de Vilagarcía de Arousa. “A rama no aire. Folla de creación”: 10 (4 de xuño). Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1817>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PASTOR, ANXO (1999). “Branco extravío”. *Faro de Vigo*, edición de Vilagarcía de Arousa. “A rama no aire. Folla de creación”: 10 (4 de xuño).

* Edición dispoñíbel desde o 7 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A RAMA

no aire

FOLLA DE CREACIÓN • nº 10

COORDINACIÓN: ANXO PASTOR

...A man non pesaba
e parecía que era só
o xesto oque habitaba e respiraba

Unha viaxe
un anaco de dúas finas raias
a algo intuído
un percorrido lonxano e cercano
como un latexo

Non se encontraba a cor
nin branco nin negro
nin un brillo de azul
Só un movemento
das pálpebras
un pechar os ollos
e irse

por un branco extravío

Unha vaga euforia...
En anacos de papel
aínda eran posibles as noticias
¡Que cores extrañas
as desas noticias!

Lenzo impreciso
ou néboa de cinza
ante o ollo que anda
ante o ollo cuberto
de sol tapado

Onte lle dicía...
Buscamos, só buscamos
e nada se atopa
o anhelo é respirar.

Na parede de refuxio
a rabuñada non treme
Que oscura a casa
da queixa

Todo di extravío
debaixo desa rama no aire
debaixo desa risa de neno
debuxando unha ponte co dedo.

Volves preguntarte
¿Con que se pinta o frío?
Con que se pinta esa
peregrinación inmóbil do ollo ó ollo

Algo acala o rumor...
algo fai deter o aire
algo fai que pese e se
deteña esa man

E esa parece ser a paisaxe ...

A mente pide respirar
o oído permanecer máis
apegado á terra
e os nosos dedos...

Os nosos dedos
tocan a sequidade
o tacto abolido

Pero agora dicta e pinta
a risa
e derrúbase a montaña
solemne

Obras, pegadas falando
en voz baixa
como os mangos de
humildes ferramenta

Linguaxe da suor
non nomeada
pedra anónima

E ese era o mellor espectador
un can encontrándose cos nosos
acenos

Unha mirada sen opinión
afirmando
desmintindo o frío
a gargallada muro
o tedio vestido
como eses ritos en muletas

O can anunciaba unha
abertura cara ó branco
espiga
Hoxe non se inaugura ningún nome.

BRANCO **EXTRAVÍO**

ANXO PASTOR

Ilustración: A. Pastor